

Núm. 135/10

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: *Adxudicación definitiva do contrato de obra "Dotación de infraestrutura básica deportiva no campo de fútbol de Soutomaior" (Real Decreto Lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local).*

ANTECEDENTES

I. Por resolución de data 9 de abril de 2010 esta Alcaldía adxudicou provisionalmente, a obra "Dotación de infraestrutura básica deportiva no campo de fútbol de Soutomaior" á empresa "COVSA, SL" polo prezo de 146.952,46 € e 23.512,39 € correspondentes ao Imposto de Valor Engadido.

II. A adxudicación provisional publicouse no Perfil de Contratante do Concello en data 12 de abril de 2010.

III. Visto que a adxudicación provisional notificouse ao adxudicatario, requiríndoo para que presentase a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e constituíse a garantía definitiva.

IV. Visto que con data 16 de abril de 2010, a adxudicataria constituíu garantía definitiva por importe de 7.543,10 € e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, polo presente **RESOLVO**:

1º.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato do "Dotación de infraestrutura básica deportiva no campo de fútbol de Soutomaior" aprobada por Resolución de Alcaldía de data 9 de abril de 2010.

2º.- Autorizar e dispoñer-lo gasto de 170.464,85 € con cargo ao Fondo estatal de investimento local e, en consecuencia, con cargo á partida 340.623 do orzamento do ano 2010.

3º.- Notificar a "COVSA, SL", adxudicataria do contrato, a presente Resolución e citalo para a sinatura do contrato que terá lugar o día 5 de maio de 2010.

4º.- Publicar a adxudicación definitiva do contrato do servizo de "Dotación de infraestrutura básica deportiva no campo de fútbol de Soutomaior" no Perfil de contratante e no BOP.

5º.- A adxudicataria deberá comunicar o tamaño da empresa.

6º.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Soutomaior, 30 de abril de 2010.

O ALCALDE,

Ante mín, A SECRETARIA,